

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 26.05.2017      Hora: 10:30

A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 26 de maio de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 5149 (10/POC-000887)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre os datos referidos ao alcance da praga da avespiña do castiñeiro en Galicia, os resultados da loita biolóxica posta en marcha para combatela e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da ampliación da dotación orzamentaria para a súa erradicación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017*
- 1.2 5541 (10/POC-000967)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio  
Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas durante o período 2012-2016  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017*
- 1.3 8137 (10/POC-001414)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para afrontar a praga da avelaiña dos buxos, así como as súas intencións respecto da solución da carestía de persoal de investigación dependente da Consellería do Medio Rural para atallar este tipo de problemas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 1.4 8400 (10/POC-001482)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre o estado de cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido á creación dunha comisión técnica de seguimento

da couza da pataca e a data prevista para a súa constitución  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 113, do 11.05.2017*

- 1.5            8944 (10/POC-001561)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre a normativa nacional ou comunitaria que podería vulnerar a fixación dun prezo mínimo para o leite pola Administración autonómica, as súas posibles consecuencias de tipo sancionador e a afectación das eventuais sancións  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 19.05.2017*

## **Punto 2.    Proposicións non de lei en Comisión**

- 2.1            7747 (10/PNC-000811)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da defensa, nas negociacións coa Unión Europea, do mantemento e/ou mellora da política agraria común para Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017*
- 2.2            8386 (10/PNC-000879)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha liña específica de axudas para paliar os danos ocasionados pola xeadada o día 27 de abril de 2017 aos viticultores do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 2.3            8726 (10/PNC-000923)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos danos ocasionados pola xeadada, na última semana do mes de abril de 2017, nos viñedos das denominacións de orixe da provincia de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017*



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 26.05.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 5149(10/POC-000887)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre os datos referidos ao alcance da praga da avespiña do castiñeiro en Galicia, os resultados da loita biolóxica posta en marcha para combatela e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da ampliación da dotación orzamentaria para a súa erradicación

*Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Comisión**, sobre as actuacións que está a acometer a Xunta de Galicia para frear a praga da avispíña do castiñeiro.

O sector da castaña, sector emerxente na Galiza despois dun latente abandono dende os anos 80, está de novo ameazado polo posible avance da avespíña do castiñeiro.

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na última campaña superáronse os 20 millóns de kilos, que se traducen nun valor estimado xerado que supera os 100 millóns de euros.

Estase a constatar por medio de empresas, cooperativas, produtores e comercializadores a preocupación xeneralizada en toda a Galiza polo avance da praga da avespíña.

Hoxe en día a avespíña estendese con velocidade, sen que medidas coma podas ou tala de pés afectados teñan ningún éxito.

A praga da avespíña pode ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén sobre o “patrimonio forestal” dos soutos centenarios que hai na zona oriental de Galicia.

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga a través da solta do seu parasito, o ‘*Torymus Sinensis*’.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/02/2017 17:33  
Nº Rexistro: 5149  
Data envío: 14/02/2017 17:33:04.951



En Galiza, a loita experimental co 'Torymus' iniciouse o ano pasado coa liberación duns 10.000 exemplares do insecto nas provincias de Lugo e Ourense, as de maior presenza do problema.

A capacidade da praga para multiplicarse de ano en ano é a principal preocupación do sector, pois cada femia da avespiña do castiñeiro pode poñer entre 100 e 200 ovos por campaña.

Por todo o exposto anteriormente o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cal é o estado de avance da praga actualmente?
2. A que concellos de Galiza afecta actualmente?
3. Cales son os resultados desta loita experimental?
4. Pensa a Consellería de Medio Rural ampliar a dotación orzamentaria para a erradicación da avispiña do castiñeiro?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araújo  
Deputados do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/02/2017 17:33**  
**Nº Rexistro: 5149**  
Data envío: 14/02/2017 17:33:04.951



**Paula Quinteiro Araújo na data 14/02/2017 17:31:20**

**David Rodríguez Estévez na data 14/02/2017 17:31:25**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2        5541(10/POC-000967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre os datos referidos ás novas incorporacións á actividade  
pecuaria producidas en cada unha das provincias galegas  
durante o período 2012-2016

*Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017*



Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Nos últimos tempos véñse dando un problema de relevo xeracional nas explotacións que arrinca de mediados do século pasado cando a industria demandaba importantes continxentes de man de obra que saía masivamente do medio rural e que baleirou boa parte das explotacións, esta nova situación socioeconómica supuxo un primeiro aviso sobre o gran cambio que estaba a piques de se materializar.

Na derradeira década do século pasado a permanencia nas explotacións gandeiras chegou ao seu punto crítico cos efectos do abandono iniciado a mediados de século, e ao consecuente envellecemento da poboación que se empezou a materializar no peche de explotacións e na falla de novos efectivos que se fixeran cargo da actividade agropecuaria.

Son varias as causas que provocan que a actividade agropecuaria teña un serio problema de relevo xeracional. Entre elas cabe citar:

O envellecemento poboacional cunha demografía claramente regresiva é un serio problema estrutural co que se está atopando a actividade agropecuaria e cunha moi difícil solución a curto e medio prazo, pero este aspecto tan relevante vese agravado por outras circunstancias e factores que inciden negativamente.

A falla de autoestima ou baixa valorización do traballo relacionado coa agricultura e gandería, así como a mesma circunstancia de vivir no lugar ou aldea son outros dos factores que inciden negativamente na permanencia das explotacións e moito máis se falamos de acceder por primeira vez a esta actividade.



**Grupo Parlamentario**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A escaseza e a falla de servizos en moitos casos vén a incrementar a sensación real das dificultades que implica dedicacións ás actividades agropecuarias e á vida no rural en xeral, nomeadamente se estamos a falar de familias novas e con fillos onde as sensacións de estar padecendo situacións de agravio comparativo cós habitantes do eido urbano é unha realidade contrastable a cotío e que veu a incrementarse cós recortes de servizos básicos a raíz da crise.

A todas estas circunstancias e factores veuse a engadir a profunda crise que están a padecer as explotacións agrogandeiras froito do baixo prezo do leite que se asentou nos derradeiros anos fomentada pola dificultade de competir en custos con explotacións doutras latitudes europeas, entre outras razóns pola escasa dimensión superficial das nosas explotacións que se ven na obriga de depender de producións alimentarias que provén doutros países co conseguinte encarecemento dos custos de produción.

Ante esta situación os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas novas incorporacións se produciron nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 á actividade pecuaria en cada unha das provincias de Galicia?

2ª) Por grupos de idade, en que tramos de idade se sitúan as novas incorporacións de 2016?

3ª) A que tipo de explotacións polo seu tamaño (unidades gandeiras) se incorporaron os novos gandeiros?

4ª) Que nivel e tipo de formación teñen as persoas que se incorporaron no ano 2016 á actividade gandeira?

5ª) Cantas das novas incorporacións teñen relación familiar coa explotación á que acceden?



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/02/2017 18:13  
Nº Rexistro: 5541  
Data envío: 22/02/2017 18:13:29.903



---

**Grupo Parlamentario**

6ª) Cantas das novas incorporacións comezan a súa vida profesional no agro nunha nova explotación?

---

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2017

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

---

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2017 17:46:41**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 22/02/2017 17:46:56**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3        8137(10/POC-001414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para afrontar a praga da avelaiña dos buxos, así como as súas intencións respecto da solución da carestía de persoal de investigación dependente da Consellería do Medio Rural para atallar este tipo de problemas

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/04/2017 17:27  
Nº Rexistro: 8137  
Data envío: 20/04/2017 17:27:07.209

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

En 2014, no Baixo Miño detectouse por vez primeira en Galicia a presenza da *Cydalina Perspectalis*, avelañña dos buxos, de orixe asiática.

Afecta ós buxos en xeral, incidindo por tanto nos espazos públicos axardinados, pero tamén nos setos particulares e ameazando a xenética deste arbusto de tanto arraigo e prestixio no noso País.

Trátase dunha especie, unha vez máis asiática, que se alimenta principalmente das follas podendo pasar posteriormente ós brotes novos, danando seriamente a planta e provocando o seu deterioro e mesmo a morte.

Estamos a falar pois, dun problema de sanidade vexetal que vai pra tres anos foi detectado e non nos consta que fose activado desde o Servizo correspondente ningún protocolo de actuación, investigación... Claro que xa sabemos do problema estrutural de falta de medios humanos profesionais (expertos en fitopatoloxía) derivado da falta de interese (deixación de funcións) que se gasta a Consellería.

A estas alturas a praga está xa presente tamén en terras da Coruña, Oleiros... e camiña cara ó interior prometendo unha total impunidade mentres arrasa con este





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2017 17:27**  
**Nº Rexistro: 8137**  
Data envío: 20/04/2017 17:27:07.209

arbusto tan señorial e tan popular que noutrora formou parte de apeiros, coitelos, garlopas e instrumentos musicais.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Que medidas se tomaron ou pensan tomar desde o goberno galego para facer fronte a esta praga?

- Pensan poñer remedio á carestía de persoal de investigación dependente da Consellería de M. Rural para atallar este e outros problemas do presente e os que vaian xurdir no futuro?

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/04/2017 17:27**  
**Nº Rexistro: 8137**  
Data envío: 20/04/2017 17:27:07.209

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 20/04/2017 17:11:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 20/04/2017 17:11:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 20/04/2017 17:11:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 20/04/2017 17:11:16**

**Xosé Luis Bará Torres na data 20/04/2017 17:11:20**

**Ana Pontón Mondelo na data 20/04/2017 17:11:23**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8400(10/POC-001482)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o estado de cumprimento polo Goberno galego do acordo  
parlamentario referido á creación dunha comisión técnica de  
seguimento da couza da pataca e a data prevista para a súa  
constitución

*Publicación da iniciativa, 113, 11.05.2017*



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/04/2017 10:46**  
**Nº Rexistro: 8400**  
Data envío: 28/04/2017 10:46:54.313

### **Á Mesa do Parlamento**

**Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

No xa pasado mes de marzo, nesta comisión 7ª, chegamos os catro grupos parlamentarios a un acordo de instar á Xunta de Galicia ao seguinte:

**1-** Á creación dunha comisión técnica de seguimento da couza da pataca na que estean representados a Xunta de Galicia, a FEGAMP, o Laboratorio Fitopatolóxico de Gsalicia e a IXP Pataca de Galicia en relación ás medidas de control da praga, das accións informativas que se leven a cabo, así coma da evolución do decreto que prepara, (preparaba), o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

**2-** A que a comisión técnica informe por escrito á Comisión 7ª do Parlamento de Galicia e ás organizacións agrarias das súas actividades, de maneira especial:

-Sobre as medidas de control que se vaian adoptando.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/04/2017 10:46**  
**Nº Rexistro: 8400**  
Data envío: 28/04/2017 10:46:54.313

-Sobre os medios materiais e humanos dos que se dispoña para a loita contra a couza guatemalteca.

**3-A** elaborar un informe escrito, que deberá remitirse ós grupos parlamentarios, sobre a avaliación das medidas de prevención adoptadas desde 2015 para evita-la extensión da praga da couza guatemalteca.

**4-A** instar ó Ministerio de Agricultura, Pesca, alimentación e Medio Ambiente para axiliza-la aprobación do decreto que recolla medidas eficaces e rápidas pra evita-la extensión da praga.

Visto que estamos xa co cultivo en plena actividade e que son horas de comezar o seguimento do mesmo tanto en zonas afectadas e declaradas en corentena coma en zonas a tódolos efectos, que se saiba, libres da praga.

Dado que en preguntas para a súa resposta oral en Comisión efectuadas no día de hoxe sobre outras cuestións do desenvolvemento da praga déronsenos datos que mostran que hai novidades e medidas tomadas das que non eramos coñecedores e visto o compromiso formal adquirido por unanimidade nesta Cámara e nesta Comisión 7ª recollido no acordo unánime do 2 de marzo do presente ano, xa citado literalmente nos parágrafos anteriores, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

- En que estado de constitución ou funcionamento se encontra a Comisión Técnica citada que deberá seguir o desenvolvemento da praga da couza da pataca?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/04/2017 10:46  
Nº Registro: 8400

Data envío: 28/04/2017 10:46:54.313

- Para cando teñen previsto desde o goberno galego a constitución formal desta comisión establecendo así canles de comunicación e información para seguir desde a Comisión 7ª o desenvolvemento da praga e das medidas tomadas pola Consellería?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/04/2017 10:39:48**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/04/2017 10:39:54**



**BNG**  
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/04/2017 10:46**  
**Nº Rexistro: 8400**

Data envío: 28/04/2017 10:46:54.313

**Ana Pontón Mondelo na data 28/04/2017 10:40:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 28/04/2017 10:40:05**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/04/2017 10:40:08**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/04/2017 10:40:10**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8944(10/POC-001561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a normativa nacional ou comunitaria que podería vulnerar a fixación dun prezo mínimo para o leite pola Administración autonómica, as súas posibles consecuencias de tipo sancionador e a afectación das eventuais sancións

*Publicación da iniciativa, 116, 19.05.2017*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/05/2017 09:30  
Nº Rexistro: 8944  
Data envío: 10/05/2017 18:52:34.854

### A Mesa do Parlamento

**José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O sector lácteo ten carácter estratéxico para a Consellería do Medio Rural, ao que presta especial atención desenvolvendo unha serie de medidas enmarcadas no denominado paquete lácteo que tratan de facer fronte ao proceso de liberalización do sector tras a desaparición do sistema de cotas.

Basicamente trátase de medidas destinadas a fortalecer o sector produtor, como pode ser a obrigación de contractualización previa do leite entregado aos primeiros compradores ou a posibilidade de que o sector produtor defenda os seus intereses a través da constitución das organizacións de produtores lácteos.

En definitiva, a senda marcada é promover medidas que fortalezan o sector produtor para que consiga negociar en mellores condicións fronte ás distribuidoras co fin de conseguir mellores prezos para o leite que producen, co obxectivo último de alcanzar a rendibilidade das explotacións lácteas do noso país.

Fronte a esta estratexia, hai quen defende que se pode fixar un prezo mínimo para o leite. O certo é que analizadas as normas de competencia da Unión Europea, o grupo parlamentario popular entende, co amparo de diferentes informes da comisión nacional da competencia, que non é posible a fixación deste prezo mínimo e que ademais podería levar a imposición de fortes sancións económicas que repercutirían no sector produtor.

Por todo iso, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Pode a Xunta de Galicia fixar un prezo mínimo para o leite?
2. Cal e a normativa nacional ou comunitaria que podería vulnerar a fixación dun prezo mínimo para o leite por parte de Administración Autónoma?
3. Que consecuencias de tipo sancionador podería ter a fixación dun prezo mínimo para o leite e sobre quen recaerían as eventuais sancións?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/05/2017 09:30  
Nº Rexistro: 8944  
Data envío: 10/05/2017 18:52:34.854**

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José González Vázquez na data 10/05/2017 18:48:48**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 10/05/2017 18:49:04**

**Raquel Arias Rodríguez na data 10/05/2017 18:49:10**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 10/05/2017 18:49:20**

**Moisés Blanco Paradelo na data 10/05/2017 18:49:28**

**Carlos Gómez Salgado na data 10/05/2017 18:49:34**

**Daniel Vega Pérez na data 10/05/2017 18:49:42**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 26.05.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

2.        Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 7747(10/PNC-000811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da  
defensa, nas negociacións coa Unión Europea, do mantemento  
e/ou mellora da política agraria común para Galicia

*Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Co motivo da entrada de España na Unión Europea en 1986 iniciouse unha etapa para o rural galego marcada polas directrices que emanan desde Bruxelas e que dalgunha maneira marcan-diversos aspectos produtivos.

A ganaría en xeral e o sector lácteo en particular viuse sacudida polas directrices europeas que marcaron o camiño a seguir e o grado de especialización do sector. O mesmo pasou con outro tipo de cabanas gandeiras como o porcino, ovino, caprino, cabalar . . . etc.

O marco legal e as características produtivas quedaron baixo os parámetros europeos non só na ganaría, senón tamén para tódolos aspectos da agricultura (viño, patacas, froiteiras, horta ... etc), silvicultura e medioambiente entre outros.

As ditas directrices pasaron a marcar os parámetros de produción, produtividade e mercado que provocaron unha auténtica reestruturación do sector primario galego e de todo o rural en xeral.

En contraprestación Galicia conta con importantes achegas económicas para adaptar, modernizar e viabilizar o sector primario galego.

O 29 de marzo deste ano, o Reino Unido, convértese no primeiro Estado na historia da Unión Europea que inicia os trámites para abandonar a organización, invocando o artigo 50 do Tratado de Lisboa.

Ábrese un proceso negociador entre a Unión Europea e o Reino Unido que vai ser longo, complexo e intenso. Aínda que a negociación será bilateral entre a Unión Europea e o Reino Unido, todos os países están desenvolvendo estratexias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/04/2017 18:08  
Nº Rexistro: 7747  
Data envío: 06/04/2017 18:08:34.855



---

**Grupo Parlamentario**

que minimicen os impactos da saída do Reino Unido, impactos que todo parece indicar que serán negativos para o sector primario galego e para o rural en xeral.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A Política Agrícola Común (PAC) entre outros cambios podería sufrir unha mingua de aproximadamente 3.600 millóns de euros como consecuencia do Brexit que fará que o orzamento comunitario global se reduza en 9.300 millóns de euros.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno de España co fin de esixirlle que nas negociacións coa Unión Europea se defenda o mantemento e/ou a mellora da Política Agrícola Común para Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 06/04/2017 18:02:28**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/04/2017 18:02:37**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/04/2017 18:02:48**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 8386(10/PNC-000879)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre o establecemento polo Goberno galego dunha liña  
específica de axudas para paliar os danos ocasionados pola  
xeadada o día 27 de abril de 2017 aos viticultores do Ribeiro,  
a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araujo**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na madrugada do xoves día 27 de abril unha gran xeadada levou parte da produción vinícola que afectou dunha forma considerable as D.O's do Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei.

Entendemos que é labor da Xunta de Galicia garantir os nosos produtores e produtoras, xunto con adegueiros e adegueiras, unhas colleitas dignas en calidade e cantidade para seguir a traballar as nosas terras dunha forma digna e con garantía de continuidade.

Así mesmo, tamén nos preocupa, e moito, que as adegas, que hoxe teñen unha proxección estimada de venda para este ano, non poidan cumprir as expectativas de venda, polo que as perdas nos vindeiros anos (lucro cesante) tamén serían importantes.

Agora mesmo a Xunta de Galicia, nos orzamentos do ano 2017, conta con partidas específicas para paliar os danos producidos por desastres naturais e catástrofes.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/04/2017 17:50**  
**Nº Rexistro: 8386**  
Data envío: 27/04/2017 17:50:20.500



Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha liña de axuda específica para os danos ocasionados pola xeadada do día 27 de abril, ás produtoras e produtores das zonas mencionadas anteriormente, indistintamente de que estean ou non amparadas polas D.O's correspondentes.

Santiago de Compostela a 27 de abril de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araujo  
Deputados do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 27/04/2017 17:16:37**

**Paula Quinteiro Araújo na data 27/04/2017 17:16:51**



**Luis Villares Naveira na data 27/04/2017 17:16:58**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/04/2017 17:50**  
**Nº Rexistro: 8386**



Data envío: 27/04/2017 17:50:20.500

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 26.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 8726(10/PNC-000923)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos danos ocasionados pola xeadada, na última semana do mes de abril de 2017, nos viñedos das denominacións de orixe da provincia de Ourense

*Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/05/2017 16:30  
Nº Rexistro: 8726  
Data envío: 05/05/2017 14:48:29.831

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

## Exposición de motivos

Na última semana do mes de abril de 2017 as xeadas causaron danos considerables nas denominacións de orixe vitivinícolas ourensás. A avaliación de danos levada a cabo pola Consellería do Medio Rural determina unha afectación do 90% dos viñedos da denominación de orixe Monterrei, entre o 60% e o 70% en Valdeorras, un 30% na DO Ribeiro e, en torno a un 20% na DO Ribeira Sacra. Trátase de datos globais, aínda que hai zonas en cada unha das comarcas nas que a afectación foi total.

Os danos son considerables e van a conlevar unha serie de gastos adicionais aos viticultores derivados das operacións de repoda e recuperación do viñedo que deben de levar a cabo. A prioridade nos primeiros momentos debe de ser a avaliación dos danos producidos así como trasladar aos viticultores toda a información necesaria sobre os traballos de recuperación do viñedo.

Unha vez realizadas esas actuacións, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario desenrolar todas aquelas medidas que, dentro da legalidade aplicable e tendo en conta as dispoñibilidades financeiras, axuden a paliar os efectos que as xeadas van ter na economía dos axentes implicados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Que habilite todos os mecanismos ao seu alcance para que técnicos especializados poidan asesorar convenientemente aos viticultores nas labores de repoda e recuperación dos viñedos.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/05/2017 16:30  
Nº Rexistro: 8726  
Data envío: 05/05/2017 14:48:29.831

2. Que realice todas as actuacións precisas para a consideración das xeadas da última semana de abril de 2017 como “fenómeno climático adverso” na terminoloxía das directrices europeas aplicables, como paso previo á posible concesión de axudas aos produtores afectados e destinadas á reparación dos danos causados.
3. Que se dirixa ao Goberno español para que o Ministerio de Hacienda tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de minorar o rendimento resultante do método de estimación obxectiva aplicable no IRPF dos viticultores afectados nos anos 2017 y 2018.
4. Que se dirixa ao Goberno español para que a Seguridade Social tome en consideración os danos causados polas xeadas a efectos de establecer bonificacións ou moratorias sen intereses nos pagos a este organismo que deban de facer os viticultores afectados nos anos 2017 e 2018.
5. Que en colaboración coas entidades financeiras públicas ou privadas establezan convenios que permitan financiar a perda de ingresos dlos viticultores afectados en máis dun 50% da súa produción, habilitando préstamos a custe cero e con prazos adecuados de devolución.
6. Impulsar de maneira decidida a contratación de seguros contra xeadas e outros riscos excepcionais que afectan ás explotacións agrícolas.
7. Que nas axudas para a mellora das explotacións agrícolas se prime especialmente a implantación de sistemas anti xeadas.
8. Que nas axudas para plantación de novos viñedos se conceda prioridade ás plantacións que se realicen naquelas zonas que polas súas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostas ás xeadas.
9. Que na concesión de dereitos de plantación se conceda prioridade as plantacións que se realicen naquelas zonas que polas súas características de altitude, orientación e ventilación estean menos expostas ás xeadas”.



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/05/2017 16:30  
Nº Rexistro: 8726**  
Data envío: 05/05/2017 14:48:29.831

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 05/05/2017 14:44:35**

**José González Vázquez na data 05/05/2017 14:44:46**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 05/05/2017 14:44:56**

**Raquel Arias Rodríguez na data 05/05/2017 14:45:03**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/05/2017 14:45:11**

**Moisés Blanco Paradelo na data 05/05/2017 14:45:21**

**Carlos Gómez Salgado na data 05/05/2017 14:45:28**

**Daniel Vega Pérez na data 05/05/2017 14:45:38**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)